



‘Ágora do Orcellón’ réndelle tributo á doutora Marisa Crespo



Páxina VI

Gala por Ucraína en Ourense, o 29 de abril no auditorio



Páxina VI

Santa Baia e As Vendas disporán de itinerarios de sendas peonís



Páxina VII

A Xunta investiu un millón de euros no albergue de Oseira



Páxina IX

Lugo recupera a cloaca do Carme para que sexa visitable



Páxina X

Lugo creará un novo aparcadoiro na contorna do Hula



Páxina XIII

Volven as Feiras



Feira do Viño de Quiroga.



Feira Medieval de Monforte.



Feira do Viño de Amandi.

Feira do Viño de Quiroga
páxina XI

Feira Medieval de Monforte
páxina XIV e XV

Feira do Viño de Amandi
páxina VI

Entrevista



Carlos Garrido: “ é unha traxedia que a RAG teña escollido como supradialectal unha variante que non coincide co luso-brasileiro”

Páxina VIII



VÍSTA O TRASNO



Rúa Lepanto, 10 . Ourense



Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

Putin, os 'patriotas' e os oligarcas

Unha matriz de opinión estase difundindo dende os centros de poder político e mediático occidental: poden os oligarcas rusos 'destronar' ao 'zar' Putin? Os intereses occidentais límitanse a verificar ata que punto isto é posible, toda vez as sancións económicas e financeiras golpean ao corazón de fortunas amasadas tras décadas de 'capitalismo de amiguetes'.

Por outra banda, a mediados de marzo, toda vez miles de rusos emigraban vía Turquía e o Cáucaso, fuxindo do autoritarismo 'putiniano' e dos estragos da crise económica vía desconexión occidental, Putin reapareceu publicamente cun discurso tan agresivo (últimamente estamos acostumándonos a iso) como clarificador. Putin falou sen tapuxos dos 'patriotas', dos que se quedan no país apoiando as súas decisións, e 'os que se van', aqueles aos que denigrou con epítetos incluso grotescos.

Nun discurso que recorda vellos tempos soviéticos, Putin trazou as súas 'liñas vermellas', pero agora no plano interno: non aceptará disensos nin críticas a súa 'operación especial en Ucraína', tal e como oficialmente enfoca o Kremlin a guerra nese país e que reproducen constantemente

os seus propagandistas. A súa 'guerra' está 'moralmente xustificada' para defender á 'Madre Rusia' dos seus 'inimigos internos



e externos'.

Tanto a perspectiva 'patriótica' de Putin como a pretensión occidental de poñer aos oligarcas como unha especie de 'quinta columna' para acabar con Putin revelan os síntomas de desinformación e de escaso coñecemento, principalmente en Occidente, sobre cómo é a cultura política rusa e cómo se manexa o Kremlin, especialmente en momentos de guerra como o actual.

É máis probable que Putin teña éxito en afondar o seu poder vía discurso patriótico que as pretensións occidentais de

facer dos oligarcas unha especie de 'salvadores' da democracia rusa, cando non o son en absoluto. Eses oligarcas tamén contribuíron a fortalecer o sistema de Putin. Éste, pola súa banda, ven realizando sigilosamente unha purga interna a tódolos niveis, especialmente dentro dos servizos de intelixencia e de seguridade. O seu núcleo de poder está cada vez máis concentrado nos denominados siloviki, os antigos 'camaradas' da estrutura burocrática e de seguridade soviética, algúns deles incluso oligarcas de novo cuño ('patriotas' na súa xerga) con amplas esferas de poder.

Independentemente de cómo termine a guerra en Ucraína e dos efectos internos da desconexión económica exterior que estase sentindo con forza na sociedade rusa, é difícil que o poder de Putin se dilúa, cando menos, automaticamente. Non obstante, os manexos no Kremlin sempre son misteriosos, tal e como algunha vez comentara Sir Winston Churchill. Non sería por tanto descartable que, ante os efectos das sancións exteriores, a 'purga patriótica' de Putin podería levar a un escalonado e gradual proceso de adiamento dunha eventual sucesión (Putin ten case 70 anos) coa finalidade de amosar un novo rostro político 'post-putiniano' que defina unha imaxe máis favorable de cara

ao nivel exterior, con Putin e os 'siloviki-oligarcas' como poder na sombra.


Por certo, é amplamente discutible o efecto político das sancións económicas que Washington diseña para acabar con determinados réximes incómodos ou rivais. Cuba, Venezuela, Irán e a Rusia de Putin son exemplos diso. Putin non só segue no poder senón que é incluso capaz de golpear a Occidente e os seus imperativos xeopolíticos coa actual guerra en Ucraína.

"A 'purga patriótica' de Putin podería adiantar a súa eventual sucesión no poder"

Por tanto, é temerario asegurar que a guerra en Ucraína signifique, co paso do tempo, o final da 'era Putin', quen segue a marcar as súas cartas, agora dividindo o seu mundo entre os 'patriotas' e eses oligarcas hoxe seducidos por Occidente pero cuxa capacidade de influencia dentro de Rusia pode que xa non exista, incluso dende moito antes da guerra en Ucraína. Así e todo, tamén podemos preguntarnos: non estará Putin tamén trazando unha 'fuxida cara diante'?



ANTOMS



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017

O FARELO

Xornal Cultural
para o Lecer

Por Avelino Jácome

0 medo do medo

O medo apodérase de min esta tarde namentres escoito a choiva, agochadiño entre as mantas de liño da miña vella cama.

Loitei desde neno co meu medo, o medo a ter medo, cando me miraban as vellas pantasma desde o cadro do noso cuarto, na nosa casinha en Ribas do Asneiro, a espida parede revelábase inimiga hostil, mentres escondido entre as mantas coa cabeza tapada, pretendía conxurar as ameazas dos meus avós mortos, que me miraban con saña, a piques de descolgarse da parede.

O cadro coas súas figuriñas de ouro no marco, coas fotografías pintadas; aquelas miradas perdidas, aqueles traxes elegantes, sen engurras, antollábanse elegancias de defuntos e o dourado do marco os esquinais do cadaleito de castiñeiro, vernizado e brillante, que lembraba no cuarto novo da outra casa, a que fose nosa casa ata a morte da avoa, que inda asemellaba estar viva asexandome dende a parede,

mirandome de esguello a percura dos meus ollos.

A choiva, a escuridade e o medo, aliados contra min, apoiados no lento transcorrer do tempo cando o temor atezaba. O tempo é cruel, tiránico, caprichoso, déixase manexar polo medo. Mentres eu, angustiado, tremendo, permanecía aniñado, o son da agulla pequeniña do reloxo demorábase, as pingas de choiva estremecidas, entretiñanse co vento e eternizaban o seu encontro co cristal da miña xanela, a cámara lenta, non, mellor a cámara parada ou case que parada, como se define a lentitude do lento? ou como se vive o medo encerrado noutro medo maior, ese terror da infancia, arrastrado no vivir, como as cadeas que arrastra a vella pantasma que habita o castelo interior? E a certeza de que nada é seguro ou quizais a seguridade de que nada é certo; poida que o medo aliméntese das miñas inseguridades, poida que tente devorarme desde neno.

Hoxe escoito a choiva fóra, óioa espida terrible, asolagadora. E os espíritos do vello cadro berran, ouvean de novo, non temo esta vez por min, as voces que me asaltan agora, son as dos nenos da guerra, da guerra que non ten fin, os nenos sen casa, sen pai, sen risas. Os nenos viaxeiros obrigados, destronados, cansos. Nenos asaltados nos seus soños por bombas, por disparos, por prantos e por medo.

Pobriños meus anxiños! Como esconderán as súas cabeciñas entre as mantas que lles roubaron? e onde atoparán os cheiros da súa casa?

A choiva perversa da maldade humana, empápaos e esnaquízaos. O tempo non se move na súa memoria e cada noite rebéntalles os tímpanos, tápanse os oídos coas súas mans, pois non hai mantas que consolen a tristeza de partir.

Miñaxoia! Papá morreu matando e mamá mátase chorando de rabia e de desespero e tí o meu neno bonito, vas morrendo de medo, non coñezo o teu nome, nin vin a túa cariña, nin sequei

as túas bagoas, pero coñézoche, seiche e coñézoche! porque che vin na choiva. Esa choiva túa e miña, tróuxome o teu medo esta tarde e feríume dentro, onde a dor magoa de verdade, xuntei as túas bagoas coas miñas, neno meu, fillo meu, neto meu... Quen me dese que calase a guerra? que sempre vives en paz, Quen me dese?

Hoxe o meu medo e o teu medo son irmáns, son os medos dos orfos, son feridas abertas que sangran xuntas, escorregan agora as pingas no cristal; pingas vermellas, pingas do sangue emigrando do teu ollos á miña alma.

E no vello cadro da parede espida, ti tamen estás chorando papá, dende o outro lado estás chorando, porque ti es así, doce como os bicos das anduriñas no Asneiro e non podes aturar as inxustizas, choramos abrazados os dous, sufrindo polos inocentes eu dunha ourela do río e tí da outra.



Por Baldomero Iglesias Dobarrío, Mero

Non hai guerra boa

Case un mes de Guerra en Europa, co volcán aínda afumando, na vergoñenta baixada de pantalóns no tema saharauí, cos casos de covid latentes, a folga de transportes e dos prezos tolos, etc. Creo hai moitas cousas que sopegar antes de emitir xuízos, case sempre levados das unánimes informacións que temos nos medios e sen deixarnos caer na desesperanza. O sistema reséntese, e nós, anque só sexa por hixiene, por contemplar todas as posibilidades, por non deixar dirixirnos, debemos arriscar. É de desconfiar tanta unanimidade e que non haxa alguén que diga que isto xa se vía vir, que todos son pulgas para o can enfermo. De feito víñanse sucedendo avisos das inxerencias da Otan nas proximidades dos territorios da Federación rusa que, loxicamente, daban lugar a queixas a pesar dos compromisos asumidos nos anos noventa, despois da desintegración da URSS e da unificación de Alemaña. Non estaba previsto cepillaran Crimea e agora Dombás. Convén mirar a todos lados, valorar sen deixarse levar de informacións con sésegos.

Nas guerras sempre hai quen dá primeiro e aproveita para converterse en agresor, como neste caso, ten máis medios e abusa. Non debemos ser arbitrarios con estas cousas, pero hai que recuperar unha postura máis distante, quizais menos contaminada.



Debemos entender que a ninguén lle gustan os veciños molestos, sobre todo sabendo como son os bloqueos económicos que se gastan as grandes potencias. Números que se volven miseria e fames. Non hai que ir lonxe, temos Cuba aí para ver o que supón un embargo comercial que non afecta ao goberno de Cuba, senón ao pobo de Cuba, sobre todo á xente máis vulnerable. Algo que hai que considerar inhumano, visto desde onde se mire, neste

proceder. E por parte de alguén, agresor e imperialista, que se fai o xordo e que se di civilizado. As agresións ademais de fame producen crueldades, desestabilizacións que agravan as crises económicas e sociais, impedindo a vida, o desenvolvemento, o traballo, a dignidade. Pero o peor é que non resolven nada. A xente é quen padece o mal dos que non souberon chegar a acordos para evitar a derrota hostil nunha guerra xorda e sucia.

Son medidas que tronzan calquera fonte de financiación ou crédito, beneficiado en traballo e materias primas, producen desabastecementos do imprescindible nunha condición normal. Pero ademais a implícita persecución financeira, imposibilita a vida da xente do común, da que non entenden eses mundos das altas esferas que castigan. Son campañas de persecución e demonización, de tal agresión que distorsionan o máis básico dereito, sen resolver problemas de fondo, sobre os que se xustifican para exercer o abuso. Un supremacismo abrasador que non castigan os medios de comunicación como deberan. Subvencionados, claro está, por algún escuro interese.

Nunca é momento para propagandas bélicas, os danos son irreparables. Paga a pena apostar polo entendemento sabendo que a guerra só aporta fracasos e perdas. Principalmente nesta condición humana tan inhumana, que consente ter tantos países sen vacinar da Covid, sabidos que mentres non se inmunice á poboación o virus vai seguir ameazando co intercambio de mutacións. Non podemos abandeirar tanta ignorancia. Este asedio irracional e inxustificable, a expansión da Otan nos países do Este, tamén produce ameazas de integridade e pódese entender como terrorismo de Estado. Estas accións dan lugar ás máis ruíns accións non calculadas, guerras bactericidas, atómicas, bloqueos, rotura de normas internacionais, imperialismos atroces, dobres raseiros, bloques de ataque e defensa, intransixencias.

Mentres, quen miramos preocupados na distancia, avogamos por solucións máis humanas, de diplomacias sen ameazas, métodos que garantan a independencia e soberanía, a paz e a estabilidade internacional, cesando xa nun enfrontamento tan desigual, ademais do dano económico que para todos supón e que xa todos comezamos a pagar. Non hai guerra boa.



Opinión

Óscar Lomba, Sinatura convidada

Rusia, Ucraína e a defensa da paz

15 de marzo de 2022

Preguntoume un amigo, estes días, a miña opinión sobre o conflito de Ucraína e respondílle que non son moi optimista. Acho que só unha quebra interna da cúpula, civil ou militar, que sostén a Putin podería deter a guerra, porén no caso de producirse e que Putin falecese

"Esa guerra non empezou agora. Empezou en 2014 cando Ucraína dedicouse a machucar á poboación rusa na rexión ucraína de Donbás"

e o líder do país fose outro, a belixerancia de Rusia contra Ucraína non desaparecería. É posible rastrexar a razón na análise do conflito cunha perspectiva histórica.

Esa guerra non empezou agora. Empezou en 2014 cando Ucraína dedicouse a machucar á poboación rusa das rexións de Donetsk e Lugansk situadas na rexión ucraína de Donbás. Nesa rexión hai unha poboación de orixe rusa que ante os malos tratos por parte dos ucraínos decidiu independizarse e a Ucraína iso non lle pareceu correcto e comezou a batallar e reprimir aos habitantes desa rexión. Durante 8 anos o exército ucraíno estivo a machucar a esa xente e ninguén moveu un dedo para protexelos. Daqueles pos veñen estas lameiras... e agora a solución non pasa por botar máis leña ao lume. A verdadeira so-

lución debe ser diplomática e negociada.

Hai unhas raíces moi profundas no que poderíamos chamar mitoloxía histórica rusa, pero o punto de partida inmediato é a interpretación que Putin fai da quebra do sistema de 1991. Putin naceu en 1952 e pertence a unha xeración que, cando cae a URSS, xa tiña uns 40 anos. Putin é un conservador e ultranacionalista ruso, moi ligado á igrexa ortodoxa rusa e viviu a desintegración da URSS como unha traxedia, pero unha desgraza non porque caese o sistema burocrático estalinista, senón porque se fragmentou a antiga URSS en numerosos anacos e deixou de ser a potencia que el pensaba que era antes. El é anticomunista e reaccionario. A traxedia, para el, non obedece a razóns ideolóxicas, senón que é causada pola quebra da súa idea imperial de Rusia. El é unha especie de neozarista con vocación imperial.


Doutra banda, Ucraína tivo moitos problemas, pero tamén percibiu que tiña a posibilidade de democratización e de occidentalización, cousa que a Putin preocupoulle moitísimo máis que as outras antigas repúblicas ex-soviéticas.

Reitero que a miña opinión é que a solución debe ser dialogada e negociada, pero se se asina un novo acordo como o protocolo de Minsk, esta vez habería que

establecer mecanismos internacionais para o seu cumprimento e fiscalización desde a comunidade internacional.

O urxente é procurar mediadores e facilitadores que axuden a buscar unha solución negociada e pacífica do conflito. O propio Borrell dixo que China podería ser un mediador nese conflito.

En todo caso non son optimista e paréceme moi preocupante a situación nesa rexión e ademais todo iso repercute na seguridade do mundo... oxalá a sensatez



termine impoñéndose.

Doutra banda, paréceme necesario que a cidadanía de Europa condene categoricamente a invasión de Ucraína por Vladimir Putin, mais tamén que se posicione pola

disolución de contado da OTAN. Debemos mobilizarnos para forzar aos contendentes a alcanzar axiña un alto o fogo, para conseguir a retirada das tropas da Federación Rusa, e para impulsar un novo acordo de paz que se axuste ao dereito internacional e que poida ser verificado e fiscalizado pola comunidade internacional e as Nacións Unidas.

Calquera guerra beneficia soamente aos belicistas, á industria armamentística e a determinadas elites que defende un mundo militarizado que malversa recursos econó-

"Paréceme necesario que a cidadanía de Europa condene categoricamente a invasión de Ucraína por Vladimir Putin, mais tamén que se posicione pola disolución de contado da OTAN"

micos que deberían destinarse para a industria civil. Son estes dirixentes e elites dominantes quen fabrican as guerras, e devanditas conflagracións agroman por mor do medo, a cobiza, e a paranoia, e son levadas a cabo por gángsters, que xorden desde o máis baixo das nosas sociedades e aterrorizan a todos, mesmo aos que pretenden protexer.

A cidadanía comprometida coa defensa da paz e os dereitos humanos, as organizacións non gobernamentais, as activistas e a sociedade civil no seu conxunto debemos loitar pola paz e o desarmamento, pero tamén por unha sociedade xusta, sen violencia, sen racismo e sen explotación.

Por Ramón Coira Luaces

Apropiación indebida

Case toda a documentación medieval galega do Reino de Galiza da Idade Media está no Arquivo de Simancas. Apropiáanse dos nosos reis e secuestran os nosos documentos para construíren máis comodamente unha Historia ao servizo de Castela e da idea de España-nación. Hai moita documentación medieval galega porque Galiza era o núcleo central do reino, aínda que os reis residisen habitualmente en Oviedo ou León. Teño fresco o asunto, pois hai pouco acabei de ler o libro de Francisco Rodríguez titulado: "Unha etapa estelar e conflitiva de Galiza. A relevancia do reino galego medieval" (que recomendo). O esplendor do reino acádase baixo os reinados de Fernando II e Afonso VIII (IX para a historiografía española). É a época na que se constrúe o Pórtico da Gloria, as partes

románicas e góticas da catedral de Santiago e outras de Galiza. Época na que floreceu tamén a lírica trobadoresca galego-portuguesa. Estes reis casaron con princesas portuguesas, das que eran curmáns; pois tiñan a pretensión de unir Portugal e Galiza, algo ao que sempre se opuxo o papado de Roma, que obrigou a desfacer estes matrimonios baixo ameaza de excomunión (o que se chegou a levar a efecto). Estes reis galegos tamén eran proclives ao entendimento cos musulmáns, chegando a pactos cos almohades, o que disgustaba ao papado de Roma, máis proclive ás pretensións de cruzada de Castela. Ambos os dous enfrontáronse a Castela e, aínda hogano, os historiadores españois amosan poucas simpatías por eles. Están soterrados no Panteón Real da catedral de Santiago de

Compostela. Porén nin os libros de Julio Cortázar nin na facultade de Historia da Universidade de Santiago non se falaba nada disto cando eu estudei (aínda que escollín Historia Moderna como especialidade), motivo polo que é lóxico sentir certa carraxe e indignación ao comprender tempo despois a magnitude da fraude e da manipulación...



E así como se manipula a nosa historia faise tamén con todo ou con case todo; pois -como dicía o debuxante Eneko- a televisión converte as ovellas en lobos e os lobos en ovellas. É preciso contrastarmos a información e sermos persoas críticas. Do contrario destruírán Galiza, facendo que odiemos ás persoas que a defenden. E non quero dicir con isto que o BNG esté en posesión da verdade absoluta e que non se trabuque nunca. Porén as análises feitas desde o país e ao servizo do país (e das súas clases populares, principalmente) son máis certeiras que as que fan con mentalidade españolista ou directamente desde fóra de Galiza. A xente que non vai ler o libro que recomendei debería quedar polo menos coa idea básica que esbocei nestas liñas.



Por Nemésio Barxa.*

Discrepo

Desde um rotundo NÃO Á GUERRA, penso que todos temos direito a defendermos de uma agressão de qualquer tipo e muito mais se é violenta, injustificada e irreversível. O povo ucraniano sofre uma agressão violenta, brutal e totalmente desmotivada por parte de uma nação imensamente superior em médios, força e recursos; os ucranianos não querem fugir e render-se, querem, com toda dignidade, defender sua terra, sua vida, sua nação e solicitam armas para oferecer resistência á invasão, temos direito a negar-lhas? A retórica da diplomacia é lenta e incerta. Diria com Niemoller, primeiro vierem polos ucranianos, mas eu não sou ucraniano... e nesta escalada, na hipótese de virem por nos, defendêramo-nos ou fugiríamos para afogar no Atlântico?

O cerne da questão ucraniana é muito complexo, mas podemos simplifica-lo em que Rússia não quer na sua fronteira mais

países incluídos na OTAN, do mesmo jeito que tampouco os USA quiserem no seu dia os mísseis em Cuba, e que tanto USA como a EU venhem amagando com admitir a



Ucrânia no clube europeu e mesmo na OTAN, mas sem concretar, decisão que de haver-se tomado apresentaria outras perspectivas em caso de agressão. Em qualquer caso não justifica esta invasão cruel, despiada, inumana, de destruição de vidas,

de uma cultura, médios e forma de viver, famílias inteiras deslocadas ou massacradas na fuga, sem respeitar hospitais nem centros de acolhimento nem permitir corredores de saída. Os ucranianos, de qualquer ideologia ou religião, que com todo valor defendem sua terra, vida, cultura e família,

tenham todo direito a receber ajuda em armamento, medicinas, alimento, etc. e pessoal para opor-se á invasão; e nos sabemos algo desso, já desde a resistência no monte Medulio ou a luta do povo no 36, em que a República foi abandonada polos países eu-

ropeus que lhe negaram o armamento do que ficava tanto necessitada, mentras Alemanha e Itália forneciam toda classe de médios ofensivos aos rebeldes, ou também quando o rei Juan Carlos para segurar-se o apoio dos USA á sua coroação traiu ao

povo saariano cedendo a Marrocos e morrendo na invasão 680 espanhóis e 3.000 mais mentras fugiam baixo as bombas de napalm e fosforo branco da aviação marroquina, sem possibilidades de defesa.

Discrepo do voto negativo neste ponto no Congresso e dos outros votos negativos. Como se Espanha não estivesse já enviando armamento a Ucrania no conjunto de EU ou como se não fosse fornecedor de armas a Arabia Saudí para atacar o Iemen ou as guerras dos Emiratos Árabes. Sejamos coerentes, levamos anos criticando a negativa de Europa de proporcionar armamento á República no 36 e agora rejeitamos proporcionar armas defensivas a um povo agredido e que as solicita. Se não somos capazes de defender ao povo agredido contra o agressor, polo menos proporcionemos-lhe médios para sua defesa.

Quinta do Limoeiro, março de 2.022.



Por Antonio Rodríguez Álvarez, de Doade. Historiador e empreendedor turístico.

A Ribeira Sacra, paisaxe imaxinada?

Os concellos que conforman a actual Ribeira Sacra son terras de cenobios e viñedos, un cultivo que se remonta a época romana como ben dice o ilustre e recoñecido historiador e investigador do Instituto de Estudos Padre Sarmiento-CSIC Isidro García Tato, de Viladequinta, quen descubriu na eirexa benedictina de Santurxo, no Barco de Valdeorras, un ara romana con unha pedra emprotada na que aparece unha descripción na que se sitúa a Gaius Vettius como o protagonista da primeira alusión escrita ao viño galaico-romano o que o converte no primeiro viticultor conocido na xeografía galega xunto co coxunto escultórico de Dionisos e Ampelos da Quinta de Muradella

e o lagar romando de Castro de Santa Lucía.

A primeira mención ao viño en este territorio sacro remóntase ao ano 876 cuando varios fieles donan ao mosteiro benedictino de Santa Cristina varias viñas situadas na comarca de Lemos, en lugares das parroquias de Bolmente e Barantes a cambio de que oficien misas "polo seu descanso eterno" en dito centro monástico. Como señala o medievalista Rodríguez Muñoz, con esta cita do século IX ponse en evidencia que como pouco o cultivo intensivo da viña na Ribeira Sacra remontase a máis de 1.100 anos no tempo o que poñen de manifesto centeaes de foros nos que se fai referencia a lugares nos que aínda se mantén o

cultivo da vide: Amandi, Doade, Bolmente, Vilachá de Salvadur, Caldelas, etc.

Sin embargo, pese a esa milenaria referencia ao viño na Ribeira Sacra, a viticultura, e por tanto, os comezos da construción de bancales xa existía en Galicia alá polo século I. Deste xeito, a paisaxe actual en bancales é algo que se foi construindo ao longo de dous milenios. A paisaxe é algo vivo que muda constantemente, como poñen de manifesto os actuais redactores dos traballos que sustentan o expediente para a declaración de Patrimonio da Humanidade.

A Ribeira Sacra non é como pretende algún bencario unha construción ideolóxica e moito menos unha paixaxe imaxinada. É unha realidade xeográfica e histórica que abrangue os ultimos tramos dos ríos Sil e Cabe e o curso medio do Pai Miño. O

nome de Ribeira Sacra para referirse a este territorio de singular fermosura e con un patrimonio histórico artístico único aparece documentado por primera vez, naturalmente na súa versión latina Rivoira Sacrata, para referirse a este territorio nun documento de principios do século XII (1124) otorgado en Allariz pola raiña Dona Teresa de Portugal (carta fundacional dun dos mosteiros que conforman este privilexiado territorio. A versión en lingua romance, Ribeira Sacra, xeralizouse e a partir dos traballos do Padre Yepes que utilizan e glosan o documento de 1124.

Para diletantes historiadores en Galicia existen ducias de ribeiras. No país dos mil ríos non existen ducias, existen miles de ribeiras que bordean cada un dos ríos, regatos, corgas, corgos, caborcós...que surcan a nosa Terra.

Reporteiro español Pablo González leva 21 días preso e incomunicado en Polonia

Acúsano de ser espía ruso. Denuncian violación do dereito comunitario no seu caso

O xornalista Pablo González cumpriu este 21 de marzo un total de 21 días incomunicado nunha prisión de Polonia acusado de ser presuntamente espía ruso utilizando o seu estatus xorna-

lístico. A pesar de que está encarcerado nun territorio da Unión Europea, nin a súa familia nin o seu avogado defensor han podido falar aínda co reporteiro.

O seu avogado Gonzalo Boye denunciou a situación nas redes sociais. Polonia é membro do Consello da Avogacía Europea (CCBE). O goberno español tampouco pediu

explicacións publicamente a Polonia pola detención de González. De feito, o ministro de Exteriores español, José Manuel Albares, viaxou ao país a semana pasada e reuniuse co seu homólogo polaco. Nas declaracións públicas que realizou desde a fronteira con Ucraína nin sequera mencionou ao reporteiro español. Esta situación provoca



que nin sequera o letrado de González coñeza os cargos concretos

que pesan sobre o xornalista.

Tomado de Público, 21/03/2022.

‘Ágora do Orcellón’ réndelle tributo á doutora Marisa Crespo

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, participou no acto de entrega do V Premio Ágora do Orcellón á cardióloga Marisa Crespo, elixida polo xurado o pasado xullo en base aos seus logros académicos, profesionais e persoais. No mesmo acto tamén se presentou o último número da revista científica homónima, editada polo Instituto de Estudos Carballiñeses (IEC) en colaboración coa Xunta de Galicia. A publicación chega así á súa 38ª edición cun monográfico dedicado a Marisa Crespo que recolle as achegas de ata 40 personalidades da medicina, a ciencia, a política ou o xornalismo.

Valentín García deulle os parabéns á homenaxeada, por “levar polo mundo adiante o seu talento galego, que ocupa en axudar as persoas que a rodean e mellorar, desde a medicina, a súa vida”, e saudou a publicación dun novo número de Ágora do Orcellón, “unha revista en galego coa que sempre é un pracer colaborar e que non podía escoller mellor temática da que ocuparse desta volta”.

Ademais do secretario xeral de Política Lingüística, no acto, que se celebrou no instituto nº1 do Carballiño, participaron o director do Instituto de Estudos Carballiñeses, Avelino Muleiro; o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández; o al-



Marisa Crespo.

calde do Carballiño, Francisco José Fumega; o presidente do Parlamento Galego, Miguel Ángel Santalices, e a premiada, Marisa Crespo, que estivo arroupada por varios amigos e compañeiros de profesión.

Unha vida dedicada á medicina

Marisa Crespo Leiro (Santrós, Cea, 1961) é doutora en Medicina pola Universidade Autónoma de Madrid e especialista en cardiología polo Hospital Puerta del Hierro de Madrid. Na actualidade é responsable da Unidade de Insuficiencia Cardíaca Avanzada e Transplante Cardíaco no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, o cal compaxina coa docencia na Universidade da Coruña e coa súa participación no Centro de Investigación Biomédica na Rede Cardiovascular e no Grupo de Investigación de Insuficiencia Cardíaca Avanzada e Transplante Cardíaco do Instituto de Investigación Biomédica da Coruña.

A doutora tamén é membro honorario internacional da Heart Failure Society of America (HFSA) e membro do grupo de traballo Building Research Initiative Group: Chronic Illness Management and Adherence in Transplantation (BRIGHT). A súa calidade humana, a súa entrega e dedicación a cada paciente e o seu compromiso coa Sanidade pública fixérona tamén merecedora deste premio. Unhas cualidades xa recoñecidas con anterioridade coa medalla de ouro e brillantes do Colexio Médico de A Coruña, coa medalla Castelao concedida polo Goberno galego ou co nomeamento como filla predilecta do Concello de San Cristovo de Cea.

Gala por Ucraína en Ourense

O día 29 de abril ás 20.30 celebrarase en Ourense unha gala solidaria a favor dos damnificados da Guerra de Ucraína. Os beneficios do evento serán donados á Cruz Vermella de Ourense para a misión Crisis de Ucraína. As entradas estarán á venda en ataquilla.com e no punto físico de Orixe Publicidade e Comunicación na rúa Francisco de Moure,

no Couto, a partires do día 1 de abril. Tamén haberá Fila Cero, para os que non poidan asistir e facilitarase un número de conta para donativos.

Organiza o colectivo de Nós, a Xente do Redor; A Cova da Meiga e Orixe Publicidade y Comunicación, coa participación dunha dúca de artistas solidarios e a colaboración do Concello de Ourense.

Solidariedade do Pereiro con Ucraína



Posto da Cruz Vermella a prol de Ucraína.

As mulleres rurais do Pereiro son unha clara mostra das diferentes formas de solidariedade que se están a desenvolver no noso Concello.

Estes días está a colaborar coa Cruz Vermella para recadar fondos destinados a axudar aos damnificados da guerra de Ucraína.

SOS ucrania
Auditorio Municipal de Ourense
29 abril 20:30h
Presenta:
Lucia Rodriguez Vázquez
Marina Sánchez
Actuaciones:
Emilio Rúa
Antonio Barros
Lume na Lareira
Escuchando Elefantes
Acordeones de Celanova
Ghostbusters Costa Oeste
Velusa y Miki Carbalho
Os Trasnós de Doade
María do Ceo
Dr. Coverall
Iván Pérez
Faylinn
Lorien

Entradas y Fila Cero: ataquilla.com
OTRO PUBLICIDADE
C/ Francisco de Moure 20, Ourense
988 661 20 25

Donación: **ABANCA**
CCC: 2080-5263-04-3040065289

Santa Baia e As Vendas disporán de itinerarios de sendas peonís

O Consello da Xunta autorizou a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar dúas sendas peonís na estrada OU-536, ao seu paso por Santa Baia e As Vendas, nos concellos do Pereiro de Aguiar e de Esgos.

Esta actuación suporá un investimento da Xunta superior aos 1,1 millóns de euros, incluído o pagamento dos 78 predios afectados nesta actuación, que ten como obxectivo dotar dunha maior seguridade os viandantes e, puntualmente, os usuarios da bicicleta non deportivos.

Logo da análise das achegas recibidas, diminuíuse en máis dun 50% a superficie que se vai ex-

propiar, desde os 10.828 m² previstos no documento que se someteu á información pública aos 4.705 m² do proxecto aprobado.

Executaranse dous treitos de senda pola marxe esquerda da estrada OU-536, que suman 3 km de lonxitude. As sendas terán un ancho mínimo variable de 2 metros, separada da estrada por diferentes elementos, e con pavimento en formigón coloreado, para ofrecer unha adecuada integración estética e atender as necesidades das persoas con mobilidade reducida.

O primeiro eixo, en Santa Baia, discorre polo Cncello do Pereiro de Aguiar e iníciase no punto quilométrico 8+800, na glorieta da OU-536, e finaliza no 11+050. Entre os puntos quilométricos

9+220 e 9+520 redúcense os carrís de circulación a 3 metros de largo para dar cabida á senda sen afectar un muro existente, protexido desde o punto de vista do patrimonio cultural.

O segundo eixo, correspóndese co treito das Vendas, comeza no límite entre os concellos de Esgos e do Pereiro de Aguiar, no punto quilométrico 11+950, no cruzamento de Ordelles, e transcorre integramente polo concello de Esgos ata rematar no punto 12+740, no cruzamento de acceso á Cabalgada.

As actuacións deseñadas pola Xunta buscan favorecer a mobilidade dos veciños da zona, así como unha mellor conexión co transporte público, para o cal se prevé a instalación de catro novas



Plano de situación e ámbito das actuacións.

marquesiñas.

Ademais, as obras complementanse coa execución de cunetas de seguridade, franxa verde e bordo para separar o tráfico rodado dos peóns.

A previsión da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é licitar na primavera a execución das obras, para comezalas no outono, e xestionar as expropiacións en paralelo ao proceso de adxudicación. Os traballos contan cun prazo de execución de seis meses.

A intervención é susceptible de financiamento con fondos eu-

ropeos Feder do programa operativo 2014-2020.

Esta nova intervención autorizada polo Executivo autonómico enmárcanse no Plan de sendas da comarca de Ourense, que recolle un investimento de 7,1 M€ en 16 km de novos itinerarios.

O Goberno galego continúa traballando na dotación de sendas nas estradas autonómicas para favorecer os desprazamentos dos cidadáns a pé ou en bicicleta dun xeito máis cómodo e seguro, co fin de fomentar a mobilidade sustentable.

A Xunta restaura documentos do Rexistro Civil do xulgado de paz do Pereiro

O director xeral de Xustiza, Juan José Martín, acompañado do alcalde de Pereiro de Aguiar, Luís Menor, visitou o xulgado de paz do Concello do Pereiro de Aguiar para comprobar o estado de conservación dos libros do Rexistro Civil coa inversión feita pola Xunta de Galicia para a recuperación e restauración dos documentos máis antigos.

Desde a Xunta estase a realizar un importante investimento nestes órganos a través de medios informáticos dos que se están a beneficiar 270 xulgados de paz en toda Galicia, o que permite ter operativo o programa informático de xestión de Rexistro Civil vía telemática. Ademais, o Goberno galego realiza achegas aos concellos para dotarse dos medios materiais que permiten o seu funcionamento. No caso do Pereiro de Aguiar, a última actuación no Rexistro Civil permitiu recuperar e encadernar de novo 36 libros,



Visita ao xulgado de paz do Pereiro de Aguiar.

unha actuación que contou cunha achega da Xunta de 1.742 euros.

A Xunta leva anos investindo para mellorar as condicións dos xulgados de paz de toda Galicia e dotalos dos medios e infraestruturas que merecen, xa que son o primeiro chanzo da estrutura xudicial e contribúen decisivamente a mellorar o seu servizo.

Os xuíces de paz galegos,

ademais de celebrar actos de conciliación e de tramitar xuízos verbais de menor contía, prestan funcións de apoio aos órganos xurisdicionais na realización dos actos de comunicación e levan os asuntos de Rexistro Civil que competen a case a metade da poboación galega, polo que o labor dos 270 xulgados de paz que hai en Galicia é fundamental para o bo desenvolvemento da xustiza.

Máis de cen familias recibiron a tarxeta de Benvida



Unha veciña recibindo a tarxeta de Benvida ao Pereiro.

O Concello do Pereiro de Aguiar volve convocar axudas a natalidade dirixidas ás familias do Concello con nenos de ata 3 anos e que proporciona unha axuda de 250€ por cada un. A importancia desta convocatoria acredítase nos seguintes datos referidos aos dous anos que ten esta convocatoria. Chegouse a un total de 117 familias cunha axuda total de 30.000€. Este programa é compatible con calquera outra axuda do Goberno central, autonómico ou Deputación xa que se financia

íntegramente con fondos propios do Concello.

Benvido ao Pereiro súmase a outras axudas xa consolidadas como son as destinadas á compra de equipos informáticos, ás familias numerosas ou á compra de material escolar e libros de texto.

“Como sempre dicimos as obras son moi importantes para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e facer que o Pereiro progrese; pero máis importante é centrarse no axuda as persoas,” sostén o alcalde Luís Menor Pérez.

Entrevista

Por Moncho Mariño

Carlos Garrido: “ é unha traxedia que a RAG teña escollido como supradialectal unha variante que non coincide co luso-brasileiro”

O profesor Carlos Garrido analiza no seu libro *O Escândalo do Léxico Galego: Análise da súa Lastimosa Degradação Histórica e Denúncia da súa Dolosa Falta de Regeneração Atual*, como o idioma en Galicia foi

perdendo moitas das solucións lingüísticas que co tempo substituíu o castelán dentro da oralidade. O traballo de Garrido quere ser un sinal de aviso ante a continuidade desta perda léxica e a deturpación que isto significa.



-O título do seu libro non deixa ningunha dúbida, análise da degradación do léxico en galego e logo a denuncia de solucións para o mesmo. Cales son as máis prominentes degradacións que se producen no galego falado desde o século XVI?

Hai que lembrar que ao século XVI lle segue unha catástrofe social e política na Galiza. A finais do século XV todo o poder galego desaparece debido á imposición de Isabel de Castela, quen expulsa as clases dominantes galegas ou mesmo as elimina fisicamente. As clases altas en Galiza son substituídas por outras clases altas de fala castellana. Isto implica que desde o século XVI e até o momento presente o galego fiquese subordinado ao castellano e en moita medida perde o uso escrito e os usos formais. Estas condicións, insisto, exténdense até o momento presente a pesar da aparición a mediados do XIX do chamado Rexurdimento literario. Esa revalorización do galego non foi suficientemente intensa para recuperarse degradación léxica. En canto ás principais degradacións sobre o galego son a variación xeográfica do léxico sen

unificación. Neste caso o problema é de exceso, hai millares de conceptos que teñen máis dunha denominación no galego popular, son variantes xeográficas. Iso sería algo normal en todas as linguas, mais o que non é normal é a falta dun proceso de unificación. Isto non existe en gran medida aínda no galego. Por que? Alén de procesos de degradación como dos que falo, hai actitudes antirrexeneradoras por parte dos codificadores oficialistas, RAG e ILG. Un exemplo típico: xanela, ventá, fiestra. Aparecen as tres en dicionarios e ningunha aparece como supradialectal.

-Hoxe en día hai variedades que se aproximen ao que era o trongo galego-portugués?

Unha das actitudes non rexeneradoras é a inhibición aten a elección dunha solución supradialectal. O exemplo de antes, ventá, xanela, fiestra. Mais hai outra atitude que é a elección dunha variedade como supradialectal cunha visión antieconómica, dunha maneira que prexudica ás persoas que queremos vivir en galego. Unha das variedades foi escollida como supradialectal en Portugal e no Brasil. Esa variante

galega é a que máis peso demográfico, económico ou científico vai ter. Entón, é unha verdadeira traxedia que a RAG teña escollido como supradialectal unha variante que non coincide co luso-brasileiro. Por iso é unha mágoa que a RAG escollese variantes que non coinciden coa variedade luso-brasileira. A TVG usa constantemente “lapa” como emanación de lume no canto de “chama” que coincide co luso-brasileiro. Aí estamos perdendo difusión internacional do galego. Esa é outra actitude non rexeneradora.

-Obsérvase tamén un uso abusivo de determinados verbos e palabras como “atopar”.

Tamén está o caso de “agardar” co uso de “ter esperanza de”, nese sentido sempre se dixo de “esperar”. Agardar é a espera física. Abúsase de moitas destas palabras por puro diferencialismo a respecto do castellano. É o que denomino no libro “diferencialismo non rexenerador”. A chave non está en afastarnos do castellano, iso non enriquece o galego, a chave está en aproximámonos do luso-brasileiro. O puro diferencialismo crea unha lingua artificial.

-Podería dicirse que tanto Os Precusores e logo as persoas involucradas no Rexurdimento, que son a chave para “oficializar” a degradación do galego.

Non podemos ser tan inxustos. Primeiro, esas persoas non tiñan os coñecementos filolóxicos que hoxe temos, non coñecían o portugués case. Pondal si coñecía o portugués de aí que usase unha ortografía etimolóxica con “j” e “g” e por outro lado, ennobrece moito o léxico, aínda que Rosalía e Pondal usaban un léxico máis popular. Os verdadeiros culpables desa falta de rexeneración do galego aparecen a partir de 1980, co oficialismo autonómico, da RAG e do ILG. Teñen unha visión rexional, dialectal e subordinada ao castellano. Todo iso lévaos a rexeitaren a aportación enriquecedora do portugués. Ao final o portugués é un galego enriquecido. Mesmo o oficialismo está a inventar palabras e a inventalas mal, sen aproveitar as inventadas polo lusitano e o brasileiro. Un exemplo sangrante, en vez de recorrer ao neoloxismo luso-brasileiro “o ícone” a RAG e ILG deciden inventar unha palabra cun criterio desastroso a “icona”, como se o español

escollese “ícono”. Outro proceso degradativo é a falta de neoloxía, agora que queremos introducir o galego en áreas onde non se usaba, ten que crear neoloxismos. A RAG, que despreza o portugués, enche de neoloxismos castelanos o galego e despois inventa neoloxismos desastrosos. Hoxe por hoxe o galego non está o suficientemente desenvolvido como para funcionar como un código de cultura.

-Así temos que a ortografía da RAG e ILG só funciona no ámbito autonómico.

Hai unha alternativa e no meu libro demostro que é a tradición reintegracionista. O problema é que a socialización corresponde á doutrina oficial. A que ten detrás de si os medios de comunicación, a maior parte das editoras, o ensino na escola así o que se oficializa infelizmente é ese código que é insuficiente e ineficiente. Mais hai alternativa é o reintegracionismo de Carvalho Calero e que é tirar por dentro dunha variedade o lusitano-brasileiro para representaren unha lingua culta de difusión internacional. É un verdadeiro crime que non se tire proveito desta situación.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

A Xunta investiu un millón de euros no albergue de Oseira

Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta, inaugurou o novo albergue de peregrinos do Mosteiro de Santa María a Real de Oseira (San Cristovo de Cea) poñéndoo como exemplo da aposta polo patrimonio e o Camiño de Santiago, cunha Rede pública de albergues que rematará este ano con 78 centros.

Cun investimento dun millón de euros, Feijóo subliñou que

esta nova obra ofertará 42 prazas, que se suman ao obxectivo de poñer a disposición dos peregrinos da Vía da Prata, antes de Semana Santa, un total de 74. Deste xeito, coa incorporación deste albergue, máis o de Piñor e Riós, serán 16 edificios os que integren esta ruta, chegando ás case 520 prazas públicas.

Nesta mesma liña, resaltou que os fondos europeos de recuperación, ademais de axudar a trazar

a Galicia do futuro no eido da industria e a innovación, axudarán a impulsar o turismo, cun Plan Xacobeo Next Generation dotado con máis de 39 millóns de euros. "E dentro deste plan, Ourense xogará un papel importante, co fin de converter o Camiño Mozárabe-Vía da Prata en destino cicloturista e familiar", precisou, referíndose tamén á recuperación da Fortaleza de Monterrei, Ben de Interese Cultural ao que se



Inauguración do albergue de peregrinos de Oseira.

destinarán de 14 millóns.

O titular da Xunta reiterou o compromiso do Goberno galego co sector turístico, con iniciativas

como o Bono Turístico, cuxa terceira edición rexistrou nas primeiras doce horas 20.000 solicitudes.



O Concello recupera a cloaca do Carme para que sexa visitable

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, anunciou o inicio do proceso de contratación das obras para a recuperación e posta en valor da cloaca romana situada no semisoto da sala de exposicións Porta Miñá (a principal da cidade), no barrio do Carme, unha infraestrutura con preto de 1.700 anos de antigüidade. Para estes traballos destinaranse 436.145 euros.

“Unha vez máis, dende o Concello, sen ser a administración coas competencias en patrimonio, xa que estas son propias da Xunta de Galicia, decidimos levar a cabo esta intervención en beneficio do conxunto dos lucenses e da cidade”, engadiu, e amosouse confiada en que “este avance supoña un acicate para que a Xunta cumpra o seu compromiso de construír o museo da Romanización de Galicia no Cuartel de San Fernando, que converterá a Lugo no centro cultural referente do pasado romano de Galicia e do noroeste peninsular”.



Lara Méndez, Paula Alvarellos e Enrique González, arqueólogo municipal.

A intervención terá dúas partes. Por unha banda, a parte de obra civil e arquitectónica, de adecuación do espazo para que poida ser visitable e accesible. Isto conlevará reestruturar o espazo actualmente destinado a servizos e almacén que hai por detrás da Sala de Exposicións, dotándoo dunhas escaleiras, un elevador e uns novos aseos. O soto tamén se adecuará, con impermeabilizacións, revestimentos, solados e todas as instalacións precisas para o fu-

turo uso.

Doutra banda, a parte de escavación, estudo dos achados arqueolóxicos, restauración e consolidación da cloaca romana. Isto irá acompañado da parte museográfica. É dicir, primeiramente recuperarase a cloaca a un bo estado de conservación para ser exposta e, posteriormente, acompañarase á mesma cun equipamento de museografía para explicar ao público a súa función e contexto na época romana.

O bono turístico inxectou 1,3 millóns no sector

O bono turístico activado pola Xunta de Galicia para axudar ao sector do turismo a manter a súa actividade e mellorar as cifras de ocupación inxectou o ano pasado na provincia de Lugo 1,3 millóns de euros. Así o explicou o delegado territorial, Javier Arias, no transcurso dunha visita a un dos establecementos participantes, o hotel balneario Iberik Augas Santas de Pantón, onde fixo balance da anterior edición e resaltou que xa está en marcha unha nova convocatoria, na que “agardamos unha acollida igual de boa ou mellor que a anterior”, apuntou.

A capital lucense rexistrou o maior gasto na provincia en 2021 con cargo a esta medida do Go-



Poderán empregar as tarxetas do 1 de xullo ao 15 de setembro.

berno autonómico. Os particulares que fixeron uso da tarxeta na cidade pagaron 401.555 euros nos establecementos adheridos. Tamén salientou as cifras acadadas en Viveiro, onde os bonos deixaron

202.324 euros; Pantón (157.000); Vilalba (86.627 euros); Ribadeo (81.836 euros); Foz (53.237 euros); Monforte de Lemos (52.275 euros); Sober (47.798 euros) e Palas de Rei (42.005 euros).

‘A memoria das pedras’, cartel do Arde Lvcvs MMXXII



Arde Lvcvs celebrábase do 9 al 12 de xuño.

O concelleiro de Xuventude, Mauricio Repetto, deu a coñecer o cartel anunciador da festa Arde Lvcvs 2022, obra de Lucía Lorenzo Parada, presentado baixo o título ‘A memoria das pedras’. A mesma pasou o primeiro filtro das redes sociais e foi elixida finalmente por unanimidade dun xurado popular. Tal e como explicou Repetto, “presentáronse un total de 47 carteis. Os mesmos estiveron expostos nas redes sociais da festa de recreación histórica, tal e como se recollía nas bases, para a votación popular, porque para o proceso de elección final tiñan que quedar só 10, que son as que finalmente valorou un xurado con persoas de recoñecido prestixio”. O edil agradeceu o

“alto nivel de propostas presentadas e a calidade das mesmas, non foi fácil a elección”.

O prazo da votación estivo aberto ata o 5 de marzo e, unha vez feito o recuento dos preto de 8.000 votos recibidos, pasaron á última fase os carteis ‘Apana a Galaica’, ‘A da Loita’, ‘Miradas’, ‘Vive a túa propia Película’, ‘Arde con Orgullo’, ‘Pegadas do Pasado’, ‘Las Llamas de Julio’, dúas obras tituladas ‘A Loita da Nosa Historia’ e a gañadora, ‘A memoria das pedras’.

O xurado profesional estivo formado polo muralista Diego As; a deseñadora gráfica Marta Castro Abelleira, e Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez, director da Escola Superior de Arte e Deseño. O premio polo cartel ascende a 1.500 euros.

A Xunta mellora a depuradora de Quiroga

Augas de Galicia vén de entregar ao Concello de Quiroga a mellora executada na estación depuradora de augas residuais, tras un investimento autonómico de preto de 30.000 euros. A intervención incluíu a dotación dun novo equipamento para mellorar o control e a medición do caudal de auga residual entrante e de auga tratada.

Para acadar este obxectivo, incorporáronse caudalímetros de entrada e saída, un contador electrónico e outros aparatos

de comprobación do rendemento da instalación. Tamén se instalou unha segunda bomba de apoio no pozo de bombeo de entrada para garantir o funcionamento da depuradora, xa que con só unha bomba poderían producirse verteduras, en caso de avaría.

Estas obras, ademais de evitar posibles vertidos por fallos no pozo de bombeo, conseguiron unha monitorización completa da planta, coa que se poden detectar posibles anomalías no funcionamento e resolvelas coa maior axilidade.

Redacción LUGO

Certame celtibérico de bandas de gaitas en Quiroga



Presentación da programación festiva.

O Concello de Quiroga informou dos actos previstos para a edición número 40 da feira, que contará con varios actos previos. O 1 de abril inaugurarase unha exposición de pintura e o 9 desfilará a Confraría do Viño de Quiroga antes da actuación do grupo de gaitas O Recanto.

Do 6 ao 15 de abril terá lugar o tradicional concurso de tapas e o mesmo día 15 haberá unha cata de viños e o concerto do grupo Bafana Bafana, na Rúa Real.

A feira empezará o 16 de abril co certame celtibérico de bandas de gaitas ás 11.30 horas. O recinto feiral inaugurarase ás 11.45 horas e ás 18.00 horas tocará de novo o grupo O Recanto.

O pregón, a cargo do actor Iván Sánchez, será ás 20.30 horas. Ás 21.00 horas entregaranse os premios do concurso de camisetas Feira do Viño 2022, previo á actuación do Grupo Atenas.

O domingo 17 de abril será a alborada e animación por parte de O Recanto e para as 12.30 está prevista a recepción de autoridades na casa do Concello. Ás 12.45 horas, os adegueiros participarán na entrega de trofeos.

Ás 17.00 horas do domingo empezará o espectáculo de animación infantil e familiar Rufina e Benito, na Rúa Real, e o último acto programado iniciárase ás 18.00 horas. Entón actuará a charanga Louband, no mesmo recinto da feira.

O actor Iván Sánchez será o pregoeiro da Feira do Viño de Quiroga

O actor Iván Sánchez (Madrid 1974) será o pregoeiro da Feira do Viño de Quiroga que se celebrará os días 16 e 17 de abril. Nestes momentos, Iván Sánchez está a traballar na rodaxe dunha serie sobre Miguel Bosé, na que interpreta o papel protagonista. Iván Sánchez aceptou sen dubidalo cando Julio Álvarez, o alcalde de Quiroga, propúxolle ser o pregoeiro da 40 edición. Nos anos 2020 e 2021 non se celebrou por mor da pandemia. O pregoeiro coñece ben Quiroga e Galicia. A Quiroga empezou a ir con frecuencia desde que o seu pai instalouse neste municipio cando se xubilou fai dez anos. "Veño ao pobo do que é o meu pai porque el di que é de aquí", indica o actor.

Iván Sánchez é coñecido sobre todo polos seus papeis en series de televisión, pero tamén fai teatro e cinema. Ademais do auténtico Rodrigo Real (2005) e de Hospital Central (2006-2011), participou en series como O pantano, Javier xa non



vive só, O comisario, Xornalistas, Un paso adiante, Aquí non hai quen viva e Hispania, a lenda. En México traballou nas telenovelas A tempestade, O imperdoable e Iago; e en Estados Unidos, na Raíña do sur.

O Concello de Quiroga afacia elixir a actores ou presentadores de televisión, sen vínculo directo co municipio. O pregoeiro en 2019 foi Pablo Chiapella, Amador na serie "Aquí non hai quen viva".

A Feira do Viño de Quiroga cumpre corenta anos

Doce adegas participarán este ano na Feira do Viño de Quiroga, que chega en abril a edición 40. O alcalde, Julio Álvarez Nuñez, presentou o certame, que por primeira vez estará aberto a producións profesionais. Esta decisión tomouse en 2019, tras a última festa celebrada que estivo dous anos ausente por mor da pandemia.

O certame ábrese por primeira vez ás adegas profesionais e contará con marcas doutras subzonas de Ribeira Sacra, e unha firma vinícola convidada do Ribeiro.

As doce adegas, algunhas doutras subzonas de Ribeira Sacra, son Alma das Doas, Algueira, Atrium Vitis, EDV 2015, Fructoso- Hobbs, Lareira de Ricobao, Pazo A Costa, Ponte da Boga, Purificación Díaz Ferreiro, Reitoral de Amandi, Terrazas de Outeiro e Val de Quiroga. A adega con-



Julio Álvarez Nuñez, alcalde de Quiroga.

dada é Son do Arrieiro, do Ribeiro.

Julio Álvarez manifestou que: "Despois do obrigado paréntese por mor da crise sanitaria e confiando en que xa estamos non camiño da recuperación, a feira volve e faíno renovada".



Plan Estratéxico de Subvencións para recuperar o tecido social

A xunta de goberno do Concello de Lugo validou a actualización da anualidade de 2022 prevista no Plan Estratéxico de Subvencións. Un documento que a alcaldesa cualificou de “ferramenta indispensable” para fomentar, promover e potenciar a participación da sociedade civil nos distintos ámbitos de xestión que son de interese xeral. “E que, dende que entrou en vigor está a servir tamén para darlle maior axilidade á xestión e pago das axudas”.

Dotado neste exercicio con 2.304.961 euros, este plan representa a razón de ser do conxunto da actividade subvencional do Concello e persegue servir de guía para mellorar e racionalizar a súa tramitación mediante a valoración de aspectos de transversalidade, eficacia e eficiencia das diferentes liñas de axuda facendo, á súa vez, especial fincapé na fiscalización posterior á concesión das mesmas.

A alcaldesa explicou que case un terzo da partida (737.500 €) se destinará ás axudas habilitadas pola área de Benestar para cooperar coas asociacións e ofrecer achegas directas para o aluguer de vivenda ou a emerxencia social e quixo destacar tamén, as subvencións dirixidas a fomentar



Sinatura do convenio coa asociación de animais e plantas.

a práctica do deporte base (321.000 €) e a contribuír á defensa do benestar animal, que neste caso alcanzan os 215.000 € e se canalizan a través dos convenios que o Concello mantén coa Protectora de Animais e a Asociación Michos Lugo.

Este exercicio cómpre incluír, así mesmo, a Fase XVI das subvencións en réxime de concorrencia para a rehabilitación do Casco Histórico de Lugo que se xestionarán dende Evislusa e disporán dunha partida de 430.061 € para favorecer a rexeneración do recinto amurallado da capital. Pola súa banda Cultura e Turismo contarán con 136.800 € e Participación Cidadá de 67.500 €.

Lugo agradece á UME a súa intensa labor durante a pandemia

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, recibiu na Casa do Concello a membros da Unidade Militar de Emerxencias (UME), aos que agradeceu en nome da Cidade de Lugo o seu intenso labor durante a pandemia. “A actuación da UME foi o maior despregamento das Forzas Armadas en tempos de paz en España”, sostivo a rexedora, que lembrou que hoxe mesmo se cumpre o segundo aniversario do decreto do Estado de Alarma.

Desde marzo de 2020, a UME asumiu diversas misións orientadas tanto a previr os contaxios coa desinfección de instalacións como a colaborar co sistema sanitario. Durante os case 100 días que durou a ‘Operación Balmis’, realizaron máis de 20.000 actuacións. Concretamente, a Brigada Galicia realizou máis de 220 desinfeccións e despregou unhas 300 patrullas durante o Estado de Alarma.

A rexedora destacou que a cidade de Lugo agradeceu este ano coa súa Medalla de Ouro a este colectivo, “porque nos momentos de maior incerteza e cando



Recepción á Unidade Militar de Emerxencias.

todo eran dúbidas sobre cómo se propagaba o virus, cada un dos profesionais das Forzas Armadas afrontou as súas tarefas con compromiso, valentía e rigor.

Previamente inaugurouse a exposición ‘Operación Balmis’ como homenaxe á expedición humanitaria que liderou Francisco Javier Balmis entre 1803 e 1806, un médico militar que levou a vacina das vexigas aos territorios españois de ultramar. A exposición consiste nunha colección de paneis fotográficos reunida polo Museo Histórico Militar da Coruña e da UME.

Friol celebrou a XVIII Feira do Queixo e Pan de Ousá



O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey, participou na celebración da XVIII Feira do Queixo e Pan de Ousá, no Concello de Friol. Ao encontro asistiron centos de persoas que degustaron algunha das mostras gratuítas ofertadas por preto de 90 queixerías e cinco

panaderías da zona.

O eixo principal da feira volveu situarse como en anos anteriores na praza Andón Cebreiro para a exposición de produtos. Ao redor da carpa sitúanse outros postos de venta dos diferentes produtos agroalimentarios do municipio e tamén produtos artesanais e do téxtil.

O Camiño de Inverno nas Novais terá novo pavimento



O delegado da Xunta co alcalde de Quiroga, Julio Álvarez.

O treito do Camiño que se reforma coincide coa rúa principal das Novais, con 300 metros de lonxitude entre o inicio e a fin da delimitación do núcleo rural. A intervención consistirá na mellora e embelecemento da vía, cambiando o actual pavimento de formigón por outro de formigón tratado con acabado de árido visto, que utilizará materiais de proximidade para harmonizar coas tonalidades e texturas da pedra do lugar. Na selección dos materiais tivé-

ronse en conta tamén cuestións como a súa idoneidade para a circulación de vehículos e boa resistencia e durabilidade.

O prazo previsto de execución é de dous meses, e os traballos incluírán a vertedura do formigón in situ sobre unha superficie encofrada e o acabado texturizado que elimina a capa superior de cemento, deixando á vista os áridos. Non terá pezas nin elementos soltos, senón que será compacto, duro, estable e anti-deslizante en seco e en mollado.

Auxilia celebra o seu medio século en Lugo

Auxilia Lugo celebrou o seu 50 aniversario e a alcaldesa, Lara Méndez, e a concelleira de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores, Olga López, felicitaron a Nuria Neira, delegada de Auxilia, e Aquilino González, vogal de Accesibilidade de Auxilia, polos 50 anos de vida da asociación, “Medio século xa de traballo por mellorar a calidade de vida das persoas con diversidade funcional e reivindicando a transformación social”, apuntou.

“Auxilia é unha asociación coa que o Concello colabora desde hai moitos anos, é un faro para nós porque nos mostra o camiño a seguir coa súa participación nos órganos que temos reglados,

como o Gabinete Municipal de Accesibilidade, pero tamén coas súas campañas de concienciación xa que nos levan a experimentar como se sinten as persoas con diversidade funcional e a que obstáculos se enfrontan no seu día a día”, subliñou a alcaldesa.

A rexedora expresou a vontade do goberno municipal de manter ás colaboracións con Auxilia, como son as axudas económicas para o proxecto ‘Por aquí movémonos todos: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal’.

A rexedora destacou o compromiso do Concello coa accesibilidade e as oportunidades para todas as persoas en condicións de equidade. Lembrou algúns dos

proxectos levados a cabo neste e no anterior mandato tales como o ascensor de Fontiñas e do Sagrado Corazón, a creación de itinerarios accesibles no casco histórico, a mellora da accesibilidade no entorno do centro de saúde de San Roque e na rúa do Outono, en Fontiñas, a eliminación do tapón urbanístico da Avenida da Coruña ou as peonalizacións de numerosas prazas e rúas como a praza da Milagrosa ou Quiroga Ballesteros. “Todas estas actuacións, complementáronse con outras, cun gran impacto na mellora da mobilidade, como por exemplo a colocación de varandas en distintos puntos da cidade; a sinalización de novas prazas de estacionamento para vehículos de



Olga López, Nuria Neira, Lara Méndez e Aquilino González.

persoas con mobilidade reducida; arranxo de pavimento e rebaixes de beirarrúas; e instalación de dispositivos sonoros en pasos de peóns”, sostivo.

Aquilino González agradeceu a colaboración do Concello e repasou a programación con motivo do aniversario destacando que se levará a cabo unha campaña en redes sociais, unha exposición con fotos sobre a traxectoria de

Auxilia Lugo, e unha xornada informativa sobre a modificación da Lei sobre a capacidade xurídica das persoas. O CB Breogán tamén homenaxeou á asociación cedendo o partido do sábado 26 de marzo para visibilizar a labor de Auxilia nestos anos de traballo.

Auxilia naceu en Ourense fai máis de cincuenta anos por iniciativa do sacerdote Domingo Gómez Freire.

O Concello creará un novo aparcadoiro na contorna do Hula

Lara Méndez, rexedora local, anunciou que o Concello de Lugo está a tramitar os permisos pertinentes para poder rozar e acondicionar a tal efecto un novo soar, nas proximidades do Hospital Universitario Lucus Augusti “co obxectivo de incrementar o número de estacionamentos a disposición da cidadanía, todos eles gratuítos”.

“Trátase de dúas parcelas, sitas na mesma marxe da entrada principal ao edificio, entrando pola Rolda Norte, que conxuntamente suman 11.500 m² e sobre as que, logo da súa limpeza, a área de Enxeñaría realizará o estudo topográfico pertinente para avaliar a capacidade que ofrecen aínda que, de non resultar viables, dispoñemos doutro predio alternativo ao seu carón que tamén se pode destinar a este fin”, explicou Lara Méndez.

Actualmente, nas inmediacións do centro sanitario hai xa máis de medio milleiro de aparcamentos de balde, “logo de que repintásemos en batería as marcas viarias que circundan o HULA para gañar 150 espazos, aos que cómpre sumar as 363



Presentación do soar para aparcadoiros á veciñanza.

prazas que se habilitaron no parking creado xusto diante das instalacións”, dixo a alcaldesa.

“Os e as lucenses levan anos denunciando as altas tarifas do parking soterrado do Hospital e reclamando a súa gratuidade. Unha reivindicación á que, tamén dende o equipo de goberno, nos sumamos en varias ocasións, mesmo a través de proposicións plenarias que lle fixemos chegar á Xunta sen que, até o de agora, obtivéramos unha resposta”, sinalou a rexedora.

“De xeito que, coa creación de máis estacionamentos libres queremos contribuír a paliar os problemas cos que as case 4.000

persoas que acoden a diario ao HULA, se atopan para deixar os seus vehículos a un prezo razoable”, engadiu Méndez.

A alcaldesa cualificou de “inxusto” que os usuarios teñan que pagar por aparcar na contorna e recordou que o propio inmovible foi construído sobre terreos propiedade do Concello e que a Institución cedeu de xeito gratuíto á Xunta para tal fin. “É dicir, se lle esixe á cidadanía de Lugo un repago, sacrificando o interese público para darlle beneficio a unha empresa privada”, subliñou. O Concello solicitará a instalación de cámaras de vixilancia.

Alumnos do CEP Cervantes celebraron o Día da Árbore



Día da Árbore no Parque de Frigsa.

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo e Miguel Fernández tenente de alcaldesa e concelleiro de Medio Ambiente, celebraron o Día da Árbore xunto co alumnado do CEIP Cervantes. Os estudantes leron un manifesto así como un poema, a cargo dunha representación dos alumnos de todos os cursos, e procederon a colocación de códigos QR diante de nove especies arbóreas do parque. Ditos códigos trasladan información das especies confeccionada polo alumnado.

A rexedora felicitou ao director do colexio, José Antonio Castro Lodeiro, e ao alumnado polo traballo desenvolvido e pola súa im-

plicación. Destacou a importancia de que sexan conscientes xa dende pequenos da necesidade de preservar o medio ambiente.

Méndez lanzoulles unha mensaxe de confianza: “Sodes o futuro, e accións como a de hoxe dinnos que o planeta ten esperanza”. Explicoulles que na cidade onde vivían se está a traballar seriamente e con proxectos ambiciosos na loita contra o cambio climático, “e partimos da premisa de que o coñecemento e a educación ambiental son fundamentais para entender as responsabilidades individuais e colectivas, así como os beneficios de coidar e preservar os recursos naturais dos que dispoñemos”.

A XVIII Feira Medieval de Monforte ten o orzamento máis alto da historia

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, presentou o programa oficial da XVIII Feira Medieval de Monforte, que terá lugar o 16 e 17 de abril. “A Feira Medieval cumpre a súa maioría de idade e xa só quedan dúas para acadar as 20 edicións e que se recoñeza a súa condición de Feira de Interese Turístico de Galicia”. Proba da implicación do equipo de goberno do Concello tivo na recuperación deste evento, logo de dous anos de ausencia no calendario de actos de Monforte, por mor da Covid-19, é que o orzamento destinado á mesma é o maior da historia, 89.500€.

“Dende que eu son alcalde”, informou José Tomé, “cada ano fomos incrementando o orzamento pasando de 41.127,17 euros no ano 2015, antes da nosa chegada ó goberno, ós 89.500 euros para o presente ano 2022. Con respecto á edición de 2019, o incremento foi de 21.235 euros”.

O Campamento Medieval ubicado na praza de España, será un dos eixos centrais da Feira, con recreacións históricas a cargo dos Cabaleiros do Ulver, e que incluírá unha exposición de armeiros con armas de diferentes estilos, coleccións de indumentarias civís e utensilios do medievo. Estes cabaleiros encargaranse de vixiar a feira e realizar levas entre as xentes para a súa instrución militar. E o campamento será presidido polos Xigantes dos Condes de Lemos, que tamén serán instalados nesta praza, logo de que os restauráramos para facelos máis estables, coa instalación de rodas. Neste senso, cabe resaltar que a actuación de xigantes, bufóns e artesáns completarán a oferta de actividade na praza de España.

As 12 horas da mañá do sábado 16 de abril uns pregoeiros desenvolverán un espectáculo no que informarán do que acontecerá a fin de semana na cidade de Monforte, dándolle paso ó saúde do alcalde para declarar aberta a XVIII Feira Medieval. Deseguido haberá unha salva de artillería,



Rolda de prensa de presentación da programación festiva.

cunha réplica dunha bombardarda do século XIV, para o inicio oficial.

O alcalde resaltou tamén que “mantemos unha completa Programación infantil para facer que os máis pequenos se interesen por estas celebracións medievais, ubicando o Campamento Infantil Medieval xunto ó Convento das Nais Clarisas, no que haberá diferentes xogos, obradoiros, torneos e atraccións medievais para os máis pequenos. Queremos que este campamento infantil sexa un atractivo máis para os nenos e as nenas, para que se sintan protagonistas da Feira Medieval implicándose co evento de cara ó futuro”.

Consolidouse a ubicación do espectáculo de aves de rapiña e cetrería coa agrupación de “Halconeros de Castilla” que este ano vaise volver a realizar no Campo de San Antonio, por ser unha zona cun espazo libre de cables que non dificultan o voo e que polo tanto non provocan estrés nas aves. Manteñense as Xustas Medievais, desenvoltas por “Hípica Celta”, que atraen sobre todo á xuventude enche de público o campo de terra dos Escolapios. Este espectáculo que alcanza a súa 6ª edición, consolídase coma

outro dos atractivos da Feira, e terá como actuación central, tanto o sábado coma o domingo ás 6 da tarde, un Gran Torneo Medieval, un espectáculo que incluírá variacións con respecto ós últimos anos, con rotura de lanzas, combates de espadas, nomeamento de vencedores e música ó vivo.

“Ó mesmo tempo, queremos que os espectáculos de lume sigan tendo un protagonismo importante na Feira Medieval, e correrán a cargo de diferentes agrupacións que saíran da praza de España percorrendo as principais rúas da feira, na tarde do sábado”, subliñou José Tomé.

Este ano volverá a ter protagonismo o espectáculo ideado para a praza Luís de Góngora na noite do sábado 16 de abril, un espectáculo de pura acción onde se combinan técnicas de manipulación de lume, música ó vivo, a acrobacia, a maxia e a pirotecnia fría, dando como resultado un mundo misterioso e apaixonante como é o dos trasnos e das meigas. Este espectáculo culminará cun momento máxico que será a queima da fachada do Pazo dos Condes de Lemos, previa á solta dos Faroliños de papel co que finalizarán as actividades do sábado.

poden ver detallados no programa.

Por primeira vez celebrárase o domingo día 17 ás 21 na praza Campo de San Antonio o espectáculo “Fire Performance”, composto por música, acrobacias, bailaríns, percusionistas e manipuladores de lume, que realizarán diferentes cadros escénicos para pechar o domingo a Feira Medieval. Haberá Mostra-exposición avícola, formada por distintas especies de aves do entorno, a cargo de “Avicultores Artesanais da Ribeira Sacra”. Esta mostra terá lugar durante toda a xornada do domingo na praciña que da ás rúas Ricardo Quiroga, do Burato e Pescaderías.

José Tomé tamén resaltou a “ampliación da decoración da Feira Medieval colocando novos pendóns e escudos na Casa da Cultura e no antigo Concello, así como decorando, A Calexa, Armando Cotarelo, a subida dende a porta da Alcazaba ata o Parador, ou o gindastre que se atopa na Praza de España”. O alcalde recoñeceu a labor da Asociación de Artesáns de Monforte, unha colaboración importantes que ten o Concello para a celebración da Feira Medieval, xa que son os que se encargarán da montaxe do estrado na praza de España para os diferentes actos, así coma da elaboración dos elementos decorativos para rúas e prazas.

O rexedor municipal agradeceu a implicación do director do Parador, “que quixo ter unha maior presenza na Feira de tal xeito que recupera tanto a Comida como a Cea Medieval no Parador, para que calquera cidadán que así o desexe poida degustar elaboradas receitas medievais”. Tomé dixo “creo que hai motivos dábondo para visitar Monforte, así que os días 16 e 17 de abril esperamos que todos os monfortinos se impliquen na celebración e tamén esperamos que sexan moitas as persoas que nos visiten dende o resto de Galicia e do Estado”.

Novas actividades

Dado que é todo un éxito a actividade do sábado pola noite na que os visitantes suben ata San Vicente, este ano auméntase o número de fachos de 100 a 200, que serán repartidos no Campo da Virxe e subirán a ritmo de tambores e música ata a praza Luís de Góngora onde posteriormente se procederá á solta de faroliños de papel como en anos anteriores. Neste senso, tamén se incrementará o número de faroliños pasando de 200 a 500 unidades.

Haberá tamén un aumento dos espectáculos na rúa, en concreto, pasarán de 4 a 7 o número agrupacións musicais, o que permitirá facer 6 actuacións musicais por día, tanto para o sábado como para o domingo. E delas, dúas son agrupacións monfortinas: a Batucada de Creativa e os Xogares de Lemos, polo que dende o Concello séguese apostando polos grupos e empresas locais.

O Desfile do Gran Dragón percorrerá dende a Praza de España as principais rúas da Feira, tanto o sábado coma o domingo á noite, mellorando así á oferta dos resto de espectáculos xa previstos tanto na Praza de España como na praza Luís de Góngora, e que

A XVIII edición da Feira Medieval de Monforte xa ten vídeo e cartel

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, deu a coñecer a campaña promocional da XVIII edición da Feira Medieval de Monforte, que se celebrará os vindeiros 16 e 17 de abril, dando a coñecer o deseño do cartel e do vídeo oficiais do que é un dos eventos máis importantes do calendario anual do Concello. O alcalde anunciou o desenvolvemento dunha campaña de promoción “igual de intensa que a que fixemos no ano 2019 para que a xente poida incluír a Feira Medieval dentro da súa programación de descanso e de ocio nas vacacións de Semana Santa, que veñan a Monforte”, campaña que se sustentará nos dous elementos antes mencionados.

Cartel oficial

O cartel da XVIII edición da Feira Medieval de Monforte, foi deseñado polo monfortino José Antonio Quiroga. No seu deseño conxuga varios elementos que para o Equipo de Goberno son claramente centrais da feira, como a TAU, ou a Porta Nova da Muralla Medieval. E ademais, incorpora a presenza dunha figura feminina, “unha muller que transmite toda a forza e valentía coa que volvemos a recuperar esta Feira Medieval, e que conecta cos actos que estamos celebrando arredor do 8M Día Internacional da Muller”, explicou o rexedor monfortino.

O vídeo

Co vídeo “queremos celebrar a volta da Feira Medieval e celebrar un anaco desa normalidade que se nos arrebatou fai xa un par de anos. Dende o Concello entendemos que celebrar a vida, celebrar a Feira é o que toca agora, porque tal e como destaca o audiovisual “toca vibrar como lume da noite a arder xuntos”, subliñou José Tomé. A proposta audiovisual é unha peza producida por Amanita Studio, empresa monfortina, e conta coa voz da poetisa de Salcedo (A Pobra do Brollón) Noa Moreira e a banda sonora do compositor monfortino Fabio González. “A nosa proposta”, explicou o alcalde, “céntrase nunha música melódica que acompaña en todo momento esa sensación de calidez que quixemos acadar co vídeo. A música emociona de moitas maneiras diferentes e este ano quixemos que fora un acompañamento sensorial e emotivo que viaxara co espectador durante todo o vídeo, para facer que entrase nunha especie de trance armonioso. A voz da poetisa Noa Moreira, co seu ton solemne pero afable, axuda a crear esa sensación e a introducirmos na Feira Medieval”.

Un vídeo no que os protagonistas son os monfortinos e monfortinas que participaron en pasadas edicións da Feira, polo que esta é “unha proposta adicada ás persoas, que son a esperanza

nestes duros momentos, e que son a razón principal pola que cada ano melloramos a Feira Medieval e a convertemos nunha das celebracións máis esperadas do ano, tanto en Monforte como na Ribeira Sacra”.

O alcalde anunciou a súa circulación polas redes sociais e a páxina web do Concello, a súa proxección no MUPI da rúa Cardenal, así como en diferentes soportes dixitais, para acadar a máxima difusión posible deste evento. O vídeo pódese ver en: <https://youtu.be/jGWBgvGUmhU>

Feira Medieval

José Tomé tamén explicou que o equipo de goberno leva tempo xa preparando esta edición de recuperación da Feira Medieval, mantendo contactos e reunións preparatorias con asociacións culturais e colectivos, comerciantes, artesáns e hostaleiros, para coa axuda de todos ir compoñendo o programa. “Boa mostra de que o traballo de promoción que vimos facendo da bos resultados é que temos máis de 100 solicitudes, 103 en concreto, para a instalación de postos, o que supón un número moi alto en relación con outros eventos doutras cidades en época de post-pandemia” destacou Tomé. “Isto pon de manifesto que a Feira Medieval de Monforte sigue sendo un referente dentro do calendario de eventos de Galicia, que interesa participar nela e que polo tanto,



estou seguro de que se seguirá consolidando cada vez máis”.

O alcalde concluíu destacando que “tal e como me comprometín dende principios de ano, seguimos traballando para recuperar a normalidade en Monforte de Lemos, e para volver a celebrar con todo o seu esplendor a nosa Feira Me-

dieval, que tamén vai supoñer unha importante inxección económica para a nosa hostalería, o noso comercio e o noso turismo”. E tamén anunciou que “con esta edición xa só quedan días para acadar as 20 edicións para que se recoñeza a condición de Feira de Interese Turístico de Galicia”

Xunta de seguridade para a Feira Medieval

Reuniuse en Monforte a xunta de seguridade da XVIII Feira Medieval, co obxecto de ultimar os preparativos para garantir a seguridade durante o desenvolvemento da edición de 2022, que se celebrará na fin de semana de Semana Santa, 16 e 17 de abril.

José Tome, o alcalde, presidiu a xunta na que participaron os principais representantes de todos os departamentos implicados na

organización: a concelleira de Cultura, Marina Doutón; o técnico de Cultura, Carlos Rodríguez; a técnica de Emprego e Desenvolvemento Local, Trinidad López; o sarxento do parque de Bombeiros e responsable de Protección Civil, Tomás Losada; o xefe dos axentes da Cidadanía, Manuel Fernández e o inspector xefe da Policía Local, Miguel Martínez.

O obxectivo da xuntanza foi analizar e dar solución a todos

os aspectos relativos coa seguridade e o bo funcionamento da Feira Medieval, especialmente nos puntos e horas en que se conta cunha maior afluencia de persoas.

Como preludio á Feira Medieval, a última fin de semana de marzo celebrouse na Praza de Abastos de Monforte o mercado co obxectivo de potenciar e promocionar nel este evento turístico de gran afluencia de público e visitantes



Reunión da xunta no consistorio monfortino.

que na Semana Santa se achegan a Monforte. Os visitantes tiveron a oportunidade de atopar todo o necesario para preparar a Feira Medieval: traxes, decoración, ar-

tesanía, complementos, bixutería, coiro e gastronomía. Para os máis pequenos organizouse un obradoiro infantil “O Carballo con Botas” e un desfile medieval.

Sober presentou o cartaz e a programación da XLII Feira do Viño de Amandi

O Concello de Sober deu a coñecer o cartaz anunciador, as actividades do denominado Mes do Amandi e a programación da XLII Feira do Viño de Amandi, que vai ter lugar na localidade nas súas datas habituais, os días 9 e 10 de abril, sábado e domingo de Ramos. As actividades do Mes do Amandi deron comezo o sábado 5 de marzo co fallo do concurso de carteis da XLII Feira do Viño de Amandi. Ese día no Centro Sociocultural celebrouse o concerto do Ensemble vocal feminino Egeria. No Pavillón do CEIP Virxe do Carme, presentouse o equipo de rally Barantes Sport. O 14 de marzo a caravana do Amandi visitou a Feira de Rubián, en Bóveda, concello ao que este ano se lle dedica a Feira do Viño de Amandi. O día 18 de marzo, os participantes nas Merendas con Contos visitaron a Fervenza de Portizó. O luns 21 de marzo, no CEIP Virxe do Carme conmemorouse o Día Internacional da Poesía con recitado de Poemas ao Viño de Florencio Delgado Guirriarán, autor homenaxeado nas Letras Galegas 2022.

O xoves 24 de marzo, na Escola de Hostalería de Rosende celebrouse a xornada de maridaxe: Viño de Amandi con produtos do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA). Colaboraron a Escola de Hostalería da Fundación Belarmino Fernández e CRAEGA. O venres 25 de marzo na Tapería Tear, de Cadeiras, presentouse a nova edición da Guía

da Ribeira Sacra, de Manuel Garrido. Foi o sábado 26 de marzo cando se celebrou o concertó solidario cos refuxiados ucrainos no Centro Sociocultural. O primeiro de abril neste centro haberá unha charla sobre 'A cultura do viño e a viticultura heroica', por Xabier Castro, autor do libro 'A rosa do viño. A cultura do viño en Galicia'. Ás 20:00 horas no Centro Sociocultural presentación da exposición de pintura de Gelín Fernández. Mércores 6 de abril: De 10:00 a 14:00 horas no Centro Sociocultural de Sober 2º Concurso de sumiliers. Colabora a Escola de Hostalería da Fundación Belarmino Fernández. Xoves 7 de abril, ás 19:00 horas no Centro Sociocultural, concerto de guitarra e frauta traveseira a cargo de Josué Castro e Magda Sánchez.

Actividades

Do 31 de marzo ao 30 de abril no Centro Sociocultural de Sober estarán expostos os carteis presentados ao concurso de carteis da XVII Feira do Viño de Amandi. Do 1 ao 30 de abril no Centro Sociocultural exposición de pintura de Gelín Fernández. Cun xurado profesional celébrase una precata e cata final dos viños expostos na Feira. Entregaranse tres primeiros premios para viños tintos da anada de 2021, un premio para viños brancos da anada de 2021 e un premio para viños envellecidos en barrica coa organización de Vinosacra

Para o concurso de deseño de carteis presentáronse 20 orixinais chegados de diferentes puntos do Estado. O xurado acordou ou-

torgar o primeiro premio ao traballo presentado por Rocío Rodicio González, de Ourense.

Programa de actos

O programa de actos da Feira do Viño de Amandi 2022 é o seguinte: sábado 9 de abril ás 11:30 horas, disparo de bombas de palenque. Ás 12:00 horas apertura oficial a cargo de Adega TEAR en lembranza aos seus fundadores Manuela Valdés e Nilo Vila. Ás 12:15 horas actuación dun grupo de música tradicional. Ás 17:00 horas comezo da precata oficial na sala de catas do Oficina Municipal de Turismo. Ás 17:00 horas actuación dun grupo de música tradicional. Ás 18:30 horas concerto da Banda de Música de Sober. Ás 20:00 horas actuación da Charanga Louband na Praza do Concello. Ás 23:00 horas actuación de Gin Tonics na Praza do Concello. Domingo 10 de abril. Ás 10:30 horas disparo de 23 bombas de palenque (1 por cada colleiteiro participante). Ás 10:45 horas actuación da Charanga NBA. Ás 11:00 horas pasarrúas coa Banda de Música de Sober. Ás 11:30 horas comezo da cata oficial na sala de catas do Centro Sociocultural de Sober. Ás 11:30 horas misa solemne coa bendición de Ramos, na Igrexa de Sober. Ás 12:30 horas recepción de autoridades na Casa do Concello. Ás 12:45 horas actuación da Banda de Música de Sober. Ás 13:00 horas pregón a cargo de Chechu Salgado. Ás 13:30 horas entrega de Premios. Ás 17:00 horas actuación da Charanga NBA. Ás



19:30 horas baile coa orquestra Los Satélites.

Adegas participantes

Un total de 23 adegas do Concello de Sober están inscritas para participar na XLII Feira do Viño de Amandi. A edición da feira deste ano será inaugurada por Adega Tear como homenaxe a Manuela Valdés, falecida recentemente, e ao seu marido Nilo

Vila, falecido hai xa algúns anos.

Esta edición da feira será dedicada o Concello de Bóveda continuando así cunha homenaxe especial que se fai cada ano a un concello da comarca. E o pregón correrá a cargo do mozo nacido en Sober, Chechu Salgado, quen vén de acadar o Goya ao mellor actor revelación por 'Las leyes de la frontera'.

A Caravana do Amandi en Rubián

O Concello de Bóveda é o homenaxeado deste ano na XLII Feira do Viño de Amandi que se celebrará en Sober. Ata a feira de Rubián chegou a Caravana do Amandi para promocionar a feira soberina. Os alcaldes de ambos os concellos,

Luis Fernández Guitián, de Sober, e José Manuel Arias, de Bóveda, brindaron polo Amandi, ao igual que todos aqueles que se achegaron ata este escaparate tan especial que o Concello de Sober puxo en marcha por varias localidades.

